

# OS MELLORES REIS

Mari Luz (As Somozas)

## PRIMEIRA ESCENA

*Os nenos sentados no patio.*

**NENO 1.-** Vides xogar á miña casa co que me trouxeron os reis?

**NENO 2.-** Buah! A min si que me trouxeron cousas! Este ano meus pais fóronas mercar á Coruña.

**ÁNXEL.-** Pois a min tráenmas hoxe os Reis.

**NENO 1.-** Pero aínda cres nesas parvadas?

**NENO 2.-** A min cómpranme todo meus pais, que non hai tales reis.

**JOSEÍÑO.-** Si que os hai! A min o ano pasado trouxéronme un coello pequeno.

**ÁNXEL.-** Eu creo que si que existen, o que pasa é que ás veces acaban as cousas e déixannos outras.

**NENO 1.-** Si ho... E por iso che deixan un coelliño! Ha, ha! Iso é que seus pais non podían mercar algo mellor.

**UXÍA.-** Non te rías de meu irmán.

**NENO 2.-** Non rimos del muller!

**NENO 1.-** Acordádesvos, o ano pasado, cando viñeron os da tele á escola, preguntáronnos o que nos trouxeran?

**ÁNXEL.-** Si, o da tele quedou pasmado co coello.

**NENO 1.-** Eses si que riron un pouco. Non credes?

**TODOS.-**(*Asenten*) Son uns meticóns.

**UXÍA.-** Nós temos que ir para a casa que se hai que deitar cedo, veña Joseíño, se non, non nos traen o xogo de montar.

**ÁNXEL.-** Pedístelo para os dous, Uxía?

**UXÍA.-** Si, porque este ano meu pai dixo que pedisemos pouco que había que repartir cos negriños de África.

**JOSEÍÑO.-** Eu vou romper o peto para mandarlles algo do meu.

**ÁNXEL.-** (*Pasándolle unha man pola cabeza*). Iso está moi ben Joseíño... quen tivera un irmán coma ti.

**UXÍA.-** Ala! Ata mañá.

**NENO 1.-** Eu tamén marcho, xa que non queredes vir.

**NENO 2.-** E eu, espérame Uxía que vou ver o coello outro pouco.

## SEGUNDA ESCENA

*Na cociña dunha casa.*

**NAI.-** Veña Ánxel, lava as mans que imos cear.

**ÁNXEL.-** Buah! (*Deixase caer nunha cadeira*)

**NAI.-** Que che pasa home?

**ÁNXEL.-** É que algúns nenos din que os reis non existen, e todo iso.

**PAI.-** E ti que cres fillo?

**ÁNXEL.-** Eu non teño dúbida de que os hai, pero o que non entendo é que a uns lle traian moito e a outros tan pouco.

**PAI.-** E por iso mentiches o ano pasado cando viñeron os da TV...

**ÁNXEL.-** É que Joseíño dixera o do coello, e ríranse todos del.

**NAI.-** Pero a Joseíño gustoulle ese coello, quérelle. Para el é máis importante ca ningún xoguete. A ver que argallada come na túa man, dórmeche no colo e faiche compañía.

**ÁNSEL.**- Xa o sei mamá, pero Joseíño é diferente aos demais nenos.

**AVÓ.**- Come, que che vai enfriar.

**ÁNSEL.**- E ti, que dis disto avó?

**AVÓ.**- Pois ben, vouche contar unha cousa, cando eu era pequeno, na miña casa eramos moi pobres e non había ás veces nin para comer. Un Nadal, meu pai foi traballar ata de noite para poder regalarnos algo, mercounos uns zapatos a cada un. Os primeiros zapatos que tiveron, eu sei que non foron os Reis en persoa, pero dalgún modo estiveron alí, no corazón do meu pai, no teu e no meu.

**ÁNSEL.**- Si avó, pero, por que ós pobres non nos traen o mesmo ca aos ricos? Acaso somos menos ca eles?

**NAI.**- Pero neno! É que non entendes o que che dixeron? Non foi o neno Xesús o neno máis pobre do mundo? Os reis en persoa foron levarlle agasallos. O verdadeiro sentido do día de Reis non é regalarnos cousas uns aos outros, se non dar o mellor de nós mesmos, o cariño, a compañía, as cousas son o de menos.

**PAI.**- Fállle caso aos maiores fillo, que saben do que che falan.

**AVÓ.**- É certo, Ánxel a min dáme compañía, trátame ben e déixate de inventos.

**ÁNSEL.**- (*Levantase e dálle un bico a todos*). Credes, que será tarde para facer outra carta?

**AVÓ.**- Non che sei, se cadra non.

**ÁNSEL.**- Pois, vou axiña pedir o que máis quero.

**PAI.**- Papá, para que lle das ás ao neno? Ben sabes que este ano non lle mercamos nada, con todos os gastos que tivemos.

**NAI.**- E os que van vir, que aínda non lle dixemos nada do novo irmán que vai ter.

**PAI.**- Eu pensaba darlle algúns cartos, que mercara unha lambonada. Ademais xa non é ningún neninho para crer nesas cousas.

### TERCEIRA ESCENA

*Petan á porta*

**NAI.**- Quen será a estas horas?

**ENRIQUE.**- Está o señor Pepe?

**NAI.**- Avó, é Enrique.

**AVÓ.**- Pasa Enriquíño, pasa.

**ENRIQUE.**- Tráíolle o encargo da Coruña

**AVÓ.**- Pero pasa e toma un café.

**ENRIQUE.**- Agradézollo moito, pero teño présa. Pilar ten feita a cea, non vexades como se pon se chego tarde.

**AVÓ.**- Chegaron os cartos?

**ENRIQUE.**-Vaia, aínda me sobrou isto.

**AVÓ.**- Pois, déixaos para tomar un vaso.

**ENRIQUE.**-Aí, gracias señor Pepe, boas noites a todos (*vaise*).

**NAI.**- Pero isto que é avó?

**AVÓ.**- Vós non podíades mercalo, así que andei aforrando e merquei un detallíño, que para o neno é moi importante, aínda que non nolo pareza.

**PAI.**- (*Abrazando ao avó*) Papá como é!

**AVÓ.**- Lisca, lisca que vou para a cama.

*(Quedan os pais sós)*

**NAI.**- Ánxel vaise poñer moi contento.

**PAI.**- E mañá sen falta dicímoslle o do bebé.

**NAI.**- Deus, xa custaba criar un, e agora xa vén outro.

**PAI.**- *(Dándolle un aloumiño)* Veña muller que onde comen catro, comen cinco.

#### CUARTA ESCENA

*(Mañá de Reis, almorzando na cociña)*

**ÁNXEL.**- *(Entra na cociña todo alporizado)* Papa! Mamá! Viñeron os reis? Viñeron os reis avó?

**PAI.**- Si, deixáronchos aquí.

**ÁNXEL.**- *(Abre o paquete)*. Que ben, era a segunda cousa que máis quería! Fuches ti avó?

**AVÓ.**- Non.

**ÁNXEL.**- Sei que fuches ti avó, pero non importa, porque hoxe sei que hai uns reis, que están no noso corazón, quérote avó.

**PAI.**- E isto? *(Saca un pergameo)*

**ÁNXEL.**- *(Ábreo e le)* Vale por un irmán coma Joseíño. Deus! Estaba no certo! Onte rachei a primeira carta e escribín outra, pedindo isto.

*(Míranse todos estrañados)*.

**ÁNXEL.**- Voulo contar aos meus amigos. *(Vaise)*.

**NAI.**- Fuches ti, avó?

**AVÓ.**- Que me prendan se sabía algo disto.

**PAI.**- Pois a min non me miredes.

**TODOS.**- Deus!

#### QUINTA ESCENA

*(Os nenos sentados no patio)*

**NENO 1.**- *(Achéganse outros)* Vindes ver despois o telescopio que me trouxo meu pai?

**NENO 2.**- Hoxe non podemos, quedamos con Uxía e Joseíño para verlles os coellos que pariu a coella.

**ÁNXEL.**- Vainos dar un a cada un.

**NENO 1.**- Se meu pai me deixara ter un...! Cambiábacho polo telescopio. A ver para que quero eu ese cacharro.

**NENO 2.**- Para ver de cerca as pernas da profe de mates.

**UXÍA.**- Se queres un, dámoscho a ti tamén. Témolos na nosa casa, pero é teu, vale? E valo ver cando queiras.

**NENO 1.**- Dádesmo de verdade?

**MESTRA.**- Que, rapaces? Traedes moitas ganas de estudar?

**ÁNXEL.**- Mirade, veñen os da tele.

*(Entra un xornalista e un cámara)*

**NENO 1.**- Este ano tócanos rimos del.

**MESTRA.**- Pero non terán outra cousa que facer?

**XORNALISTA DA TV.**- Estamos no patio da escola, para saber que lle trouxeron os reis este ano aos nenos galegos. A ver, este rapaz tan listo, a ti, que che trouxeron?

**NENO 1.**- Un coello.

**XORNALISTA DA TV.**- Un coello? Pero pedirías algo máis, supoño? Coma o disco da TV. A ver ti rapaz, que che trouxeron a ti?

**ÁNXEL.**- Un irmán, máis un coello.

**XORNALISTA DA TV.**- Vaia, vaia, como son estes rapaces, pero, é que ninguén pediu o disco da TV?

**MESTRA.**- Pero terá pouca vergoña, preguntándolle iso aos nenos...? A cada un trouxéronlle o que puideron, e por riba facendo propaganda do seu disco.

**TV.**- Desculpe señora. Rapaces, dicide que si e douvos un carameliños.

**TODOS.**- Non!

**UXÍA.**- Vostede riuse o ano pasado do meu irmán.

**TV.**- *(Dille ao cámara)* Corta! Corta!! Que aquí son todos uns parvos.

**ÁNXEL.**- *(Colle o micro)* A min o ano pasado só me trouxeran unha carteira, mentín para estar á altura dos demais. Este ano meu avó tróuxome un bo regalo, pero o mellor foi o que me ensinou. Nunca dubidou de que existiran os reis, agora eu tampouco. Os reis están no corazón da boa xente que cre neles.

**FIN**